

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10972 *Real decreto 877/2011, do 24 de xuño, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.*

A entrada en vigor da Directiva 2009/15/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas, e do Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques, produciron cambios na regulación das organizacións de inspección, o que fai necesaria a incorporación ao dereito interno español de tales modificacións.

A Directiva 2009/15/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, emenda e refunde o contido da Directiva 2001/105/CE que modificaba profundamente a Directiva inicial, 94/57/CE do Consello, do 22 de novembro de 1994, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e peritaxe de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas.

A incorporación ao dereito interno da Directiva 2001/105/CE está recollida no Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, polo que se fai preciso substituír esta norma co obxecto de traspoñer a nova Directiva 2009/15/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.

O réxime xurídico destas organizacións quedou regulado en dúas normas comunitarias, un regulamento, de aplicación directa e unha directiva que se traspón neste real decreto.

Tamén se considerou preciso aumentar en tres novos supostos os casos en que unha organización recoñecida poida actuar en nome da Administración marítima española, regulados no artigo 39.1 do Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, o que redonda nunha diminución dos tempos de espera para a obtención dos certificados obrigatorios por parte dos axentes intervinientes na industria marítima.

Por outro lado, os cambios orgánicos habidos na estrutura do Ministerio de Fomento fan preciso actualizar os órganos da Administración marítima competentes para intervir no procedemento de outorgamento da autorización ou de revogación previstos no Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro.

O artigo 86.5 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, encomenda ao Ministerio de Fomento a competencia sobre ordenación e execución das inspeccións e controis técnicos, radioeléctricos, de seguridade e de prevención da contaminación de todos os buques civís españois, dos que se encontren en construción en España e dos estranxeiros nos casos autorizados polos acordos internacionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

a) Establecer as condicións e requisitos que deben cumprir as organizacións e sociedades de clasificación de buques para seren recoñecidas pola Comisión Europea e seren autorizadas pola Administración marítima para efectuar no seu nome as funcións de inspección, recoñecemento e certificación dos buques do seu propio pavillón, en cumprimento dos convenios internacionais e das normas de carácter nacional sobre seguridade no mar e prevención da contaminación marítima.

b) Regular o procedemento e os supostos para outorgar a autorización ás ditas organizacións e, se é o caso, proceder á súa revogación.

c) Determinar as obrigas, responsabilidades e limitacións asumidas polas organizacións autorizadas.

2. No ámbito de aplicación deste real decreto quedan incluídos o desenvolvemento e a aplicación dos requisitos de seguridade para o casco, a maquinaria e as instalacións eléctricas e de control dos buques comprendidos nos convenios internacionais e nas normas de carácter nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Buque: todo buque comprendido no ámbito de aplicación dos convenios internacionais citados na alínea e) deste artigo.

b) Buque que enarbora pavillón dun Estado membro: un buque rexistrado nun Estado membro e que enarbore pavillón deste de conformidade coa súa lexislación. Os buques que non correspondan a esta definición asimílaranse a buques que enarboran pavillón dun país terceiro.

c) Buque que enarbora o pavillón español: todo buque civil abandeirado en España.

d) Inspeccións e recoñecementos: as inspeccións e recoñecementos obrigatorios en virtude dos convenios internacionais.

e) Convenios internacionais e normas nacionais:

1.º Convenios internacionais: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar do 1 de novembro de 1974 (SOLAS 74), con excepción do capítulo XI-2 do seu anexo, o Convenio internacional sobre liñas de carga do 5 de abril de 1966 e o Convenio internacional para previr a contaminación polos buques do 2 de novembro de 1973 (MARPOL), xunto cos seus protocolos e modificacións, así como os correspondentes códigos de carácter obrigatorio en España, na súa versión actualizada.

2.º Normas de carácter nacional: normas de similar contido ás indicadas no punto anterior, aplicables aos buques e embarcacións non cubertos polos convenios internacionais.

f) Organización: unha entidade xurídica, as súas filiais e calquera outra entidade baixo o seu control que leve a cabo, de maneira conxunta ou separada, actividades de avaliación da seguridade dos buques e dos seus elementos.

g) Organización recoñecida: organización recoñecida de conformidade co Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de

2009, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecementos de buques.

h) Organización autorizada: unha organización recoñecida que o Ministerio de Fomento habilítase para realizar as inspeccións e recoñecementos previstos neste real decreto.

i) Autorización: o acto administrativo polo cal o Ministerio de Fomento permite a unha organización recoñecida a realización efectiva das inspeccións e recoñecementos a que se refire este real decreto.

j) Certificado obrigatorio: un certificado expedido por ou en nome dun Estado de pavillón de conformidade cos convenios internacionais e coa normativa española nos casos en que sexa de aplicación.

k) Certificado de clasificación: documento expedido por unha organización recoñecida no que se certifica a capacidade dun buque para un uso ou servizo particular de conformidade coas regras e procedementos establecidos e feitos públicos pola dita organización recoñecida.

l) Certificado de seguridade radiotelefónica para buque de carga: o certificado introducido polo Protocolo de 1988 que modifica o Convenio SOLAS, adoptado pola Organización Marítima Internacional.

m) Control: para efectos da alínea f), dereitos, contratos ou calquera outro medio, de feito ou de dereito, que, por separado ou en combinación, confiran a potestade de exercer unha influencia decisiva sobre unha entidade xurídica ou permitan á dita entidade levar a cabo as actividades reguladas por este real decreto.

n) Regras e procedementos: os requisitos establecidos por unha organización recoñecida para o deseño, a construción, o equipamento, o mantemento e o control de buques.

CAPÍTULO II

Recoñecemento pola Comisión Europea das organizacións de inspección e recoñecemento de buques

Artigo 3. Do recoñecemento.

1. A Administración marítima española só pode outorgar autorización a organizacións previamente recoñecidas pola Comisión Europea.

2. A concesión de autorización a calquera organización non recoñecida require do recoñecemento previo da Comisión Europea, de acordo co artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 391/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.

A solicitude de recoñecemento á Comisión Europea será efectuada pola Secretaría Xeral de Transportes por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. A organización interesada no dito recoñecemento deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación do cumprimento dos criterios que se relacionan no anexo I do Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.

b) Manifestar o seu compromiso de cumprir o disposto no artigo 8, número 4 e nos artigos 9, 10 e 11 do Regulamento (CE) n.º 391/2009, no caso de non obter recoñecemento.

4. A Administración marítima española non poderá negar a unha organización recoñecida pola Comisión Europea a autorización para o exercicio das súas funcións de inspección, recoñecementos e expedición de certificados dos buques, sen prexuízo do previsto neste real decreto.

Artigo 4. *Recoñecementos limitados.*

A Administración marítima española poderá presentar á Comisión Europea solicitudes especiais de recoñecemento limitado a certos tipos de buques, a buques de certas dimensións ou certos usos, ou a unha combinación destes aspectos, de acordo coa capacidade e experiencia acreditada pola organización en cuestión.

A organización interesada no dito recoñecemento limitado deberá presentar solicitude motivada e, no suposto de non estar recoñecida, presentar a documentación que acredite o cumprimento dos criterios que se relacionan no anexo I do Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, e manifestar o seu compromiso de se ater, en caso de obter o recoñecemento limitado, ao disposto no artigo 8, número 4, e nos artigos 9, 10 e 11 do citado regulamento europeo.

Artigo 5. *Solicitude á Comisión Europea da revogación do recoñecemento.*

1. A Secretaría Xeral de Transportes, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, solicitará á Comisión Europea a revogación do recoñecemento, no caso de que se produza algún dos seguintes supostos:

a) Cando a organización deixe de cumprir os criterios establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 391/2009.

b) Cando a organización non obteña os resultados en materia de seguridade e prevención da contaminación mariña a que se fai referencia neste artigo.

2. Na instrución do procedemento en que se dará audiencia á organización afectada, teranse en conta as avaliacións a que se refire o artigo 12, así como os datos sobre os resultados da organización en materia de seguridade e prevención da contaminación obtidos de todos os buques do seu rexistro, independentemente do pavillón que enarboren.

Os resultados de referencia obteranse dos datos procedentes das inspeccións sobre o control polo Estado reitor do porto (MOU) ou por procedementos similares, así como da análise dos accidentes que sufrisen os buques clasificados polas organizacións recoñecidas.

3. Para avaliar estes resultados tomaranse en consideración os informes elaborados pola Administración marítima española de acordo coa disposición adicional terceira deste real decreto.

CAPÍTULO III

Organizacións autorizadas para efectuar recoñecementos de buques en nome da Administración marítima

Artigo 6. *Organizacións autorizadas.*

1. As organizacións recoñecidas nun Estado membro da Unión Europea, ou doutro Estado que aplique criterios de reciprocidade en canto ao recoñecemento e en canto ao trato ás organizacións recoñecidas nesta e que teñan un centro de carácter permanente en España poderán ser autorizadas, nos termos previstos neste capítulo, para realizar en nome da Dirección Xeral da Mariña Mercante os recoñecementos de buques previstos nos convenios internacionais, o referendo das revisións anuais ou intermedias e a emisión de novos certificados obrigatorios a que se refire o artigo 2.j) deste real decreto, nos supostos que a seguir se indican:

a) Cando un buque español con destino a un porto español se encontre en porto estranxeiro e necesite prorrogar o prazo de validez de calquera certificado obrigatorio por aproximarse a data da súa caducidade.

b) Cando un buque español estea dedicado a realizar viaxes entre portos estranxeiros e resulte prexudicial para a explotación comercial deste o seu traslado a porto nacional, para efectuar algún dos recoñecementos preceptivos.

c) Cando un buque español, por avarías ou outras causas de sinistralidade, deba ser obxecto de recoñecemento no estranxeiro.

d) Cando un buque español se constrúa ou realice obras de transformación, reforma ou gran reparación no estranxeiro.

e) Cando un buque español recale en porto español en vésperas de festivo ou en días feriados e necesite prorrogar o prazo de validez de calquera certificado obrigatorio por aproximarse a data da súa caducidade.

f) Cando un buque se encontre no estranxeiro e solicite o abandeiramento en España.

2. Unha vez efectuado o recoñecemento, a organización autorizada facilitará por escrito o seu informe ao capitán, ao navieiro ou á empresa navieira e solicitará da Dirección Xeral da Mariña Mercante, xuntando á solicitude o referido informe, a realización dalgunha das seguintes actuacións:

a) A prórroga do correspondente certificado polo prazo necesario, nunca superior a cinco meses, para que o buque poida terminar a súa viaxe e regresar a un porto español, onde se procederá á súa inspección para a renovación do oportuno certificado.

b) A emisión dun novo certificado ou certificados, nos casos previstos nas alíneas b) e c) do punto anterior.

c) A expedición dun documento acreditativo de ter superado con éxito un recoñecemento das partes afectadas en caso de avaría ou sinistro. Se a magnitude destes fixer necesaria algunha anotación ou modificación nalgún dos certificados, esta realizarase á súa chegada a un porto español.

3. Cando a organización autorizada realice en nome da Dirección Xeral da Mariña Mercante o referendo ou emisión de novos certificados obrigatorios, ou cando o referendo ou emisión dos novos certificados obrigatorios o realice a Dirección Xeral da Mariña Mercante, tales actuacións levaranse a cabo no prazo de quince días notificándose ao interesado.

4. O establecido nos puntos anteriores deste artigo non será aplicable á certificación de compoñentes específicos de equipamentos mariños, que estará suxeita ás súas normas específicas. Tampouco poderán emitir as entidades autorizadas certificados de exención, función que corresponderá á Administración marítima española.

Artigo 7. *Obrigas das organizacións autorizadas.*

1. A resolución de autorización incluírá as disposicións que integran a relación de traballo entre a Administración marítima e as organizacións que actúen no seu nome.

2. As organizacións autorizadas deberán cumprir as obrigas que se indican a seguir:

a) Realizar os recoñecementos de buques obxecto da autorización de acordo coas directrices e criterios xerais aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Someterse polo menos cada dous anos, nos termos previstos no artigo 12 deste real decreto, á supervisión e inspección da Dirección Xeral da Mariña Mercante. Así mesmo, deberán someterse á realización de auditorías periódicas das funcións realizadas en nome da Administración marítima.

c) Facilitar en todo momento o exercicio das funcións de inspección de buques pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, quen poderá verificalas pormenorizadamente e de forma aleatoria.

d) Comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante os criterios esenciais utilizados pola organización para clasificar, desclasificar e cambiar de clase os buques, así como as suspensións, transferencias e retiradas de clase que poidan sufrir estes.

e) Comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante os estándares técnicos da organización, a súa aplicación e calquera modificación destes.

f) Ter subscrita unha póliza de seguro ou outra garantía financeira, co fin de garantir a responsabilidade civil derivada das actuacións realizadas pola organización nas actividades obxecto da autorización, nos termos previstos no artigo 8 deste real decreto.

g) Cooperar cos órganos da Administración marítima española respecto dos buques inspeccionados pola organización, fundamentalmente cando se trate de rectificar deficiencias ou outras discrepancias notificadas polos ditos órganos.

h) Realizar consultas periódicas con outras organizacións autorizadas, a fin de manter a equivalencia dos seus estándares técnicos e a uniformidade na súa aplicación, conforme o disposto na Resolución A 847 (20) da OMI.

i) Comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante todas as variacións que afecten os requisitos e contidos da autorización, nun prazo de dez días desde que se produzan.

j) Remitir ao citado centro directivo, antes do 31 de marzo de cada ano, unha memoria descritiva do conxunto das actividades realizadas durante o ano precedente en relación cos buques de pavillón español.

Artigo 8. *Responsabilidade das organizacións autorizadas.*

1. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento arbitral, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemnizar os prexudicados polos danos materiais, danos físicos ou falecemento e resulte probado que tales danos están causados por unha acción ou omisión dolosa ou por negligencia grave imputable á organización autorizada, aos seus servizos, ao seu persoal, aos seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da organización autorizada, na medida en que os ditos danos materiais, danos físicos ou falecemento fosen causados, a criterio do tribunal ou do órgano arbitral, pola citada organización.

2. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento de arbitraje, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemnizar os prexudicados por danos físicos ou falecemento e resulte probado que tales danos están causados por unha acción ou omisión negligente ou temeraria imputable á organización autorizada, ao seu persoal, aos seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da citada organización autorizada, na medida en que os ditos danos físicos ou falecemento fosen causados, a criterio do tribunal ou do órgano arbitral, pola citada organización.

3. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento de arbitraje, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemnizar os prexudicados por danos materiais e resulte probado que tales danos están causados por unha acción ou omisión negligente ou temeraria imputables á organización autorizada, ao seu persoal, aos seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da citada organización autorizada, na medida en que os danos materiais fosen causados, a xuízo do tribunal, pola citada organización.

Artigo 9. *Procedemento.*

1. O procedemento para obter a autorización iniciarase por solicitude da organización recoñecida, dirixida á Secretaría Xeral de Transportes e será tramitado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, que realizará as actuacións necesarias para comprobar, de acordo con criterios obxectivos, que a organización reúne os requisitos exixidos por este real decreto.

2. A competencia para outorgar ou denegar a autorización corresponde ao secretario xeral de Transportes, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, mediante resolución motivada, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A resolución en que se outorga a autorización deberá incluír as disposicións contidas no apéndice II da Resolución da Organización Marítima Internacional (OMI) A.

739 (18), do 4 de novembro de 1993, sobre directrices para a autorización de organizacións que actúen en nome da Administración, que se recollen no anexo a este real decreto, así como inspirarse no anexo, os apéndices e os documentos adxuntos á Circular OMI MSC 710 e a Circular MEPC 307 sobre o modelo de réxime para a autorización das organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración.

4. O prazo máximo para resolver o procedemento de outorgamento da autorización será de tres meses.

Cando non recaese resolución expresa dentro deste prazo, entenderase que a solicitude foi estimada.

Contra a resolución, que non pon fin á vía administrativa, en virtude do establecido no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o secretario de Estado de Transportes.

5. A Dirección Xeral da Mariña Mercante ordenará, periodicamente, a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da lista de organizacións autorizadas.

Artigo 10. *Limitación do número de organizacións autorizadas.*

Por orde do ministro de Fomento, poderá limitarse o número de organizacións autorizadas para realizar as actuacións enumeradas no artigo 6.1, cando as necesidades da inspección marítima, en razón do volume da frota civil española e a súa evolución previsible, o grao de implantación efectiva das organizacións recoñecidas e outras circunstancias similares, así o aconsellen.

A orde do ministro de Fomento determinará as regras obxectivas e transparentes aplicables para seleccionar, en tal caso, as organizacións autorizadas.

Artigo 11. *Revogación da autorización.*

Cando o secretario xeral de Transportes considere que unha organización autorizada non debe seguir exercendo en nome da Administración marítima as actividades descritas no artigo 6, por incumprir as obrigas establecidas neste real decreto ou por realizar os recoñecementos de buques de forma manifestamente incompleta, inexacta, incorrecta ou deficiente, logo de audiencia ao interesado, suspenderá cautelarmente, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, a autorización outorgada, comunicando a súa decisión á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

A Dirección Xeral da Mariña Mercante iniciará de oficio o procedemento de revogación da autorización, en que se dará audiencia ao interesado. En caso contrario, levantarase a suspensión cautelar.

Correspóndelle ao secretario xeral de Transportes resolver motivadamente o procedemento de revogación da autorización.

O prazo máximo para resolver o procedemento de revogación da autorización será de seis meses. Contra a resolución, que non pon fin á vía administrativa, e en virtude do establecido no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o secretario de Estado de Transportes.

Cando non recaese resolución expresa dentro do prazo sinalado, producirase a caducidade do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.

Artigo 12. *Supervisión, inspección e avaliación das organizacións autorizadas.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá supervisar e inspeccionar, polo menos cada dous anos, a todas as organizacións autorizadas, informando dos resultados da avaliación á comisión e aos demais Estados membros antes do 31 de marzo do ano seguinte aos dous anos avaliados.

2. Así mesmo, a Dirección Xeral da Mariña Mercante auditará o cumprimento das funcións encomendadas ás organizacións autorizadas.

Artigo 13. *Rexistro das organizacións.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante levará un rexistro en que consten as organizacións recoñecidas e autorizadas, así como todos os datos actualizados relevantes relativos a elas.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 14. *Das infraccións e sancións.*

As infraccións e sancións que procedan en relación coas actividades recollidas neste real decreto rexeranse, en todo momento, polo disposto no capítulo III, do título IV da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, polo establecido no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como polo recollido nos correspondentes regulamentos sobre procedemento sancionador, desenvolvidos tanto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, como no anexo II do Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan determinados procedementos administrativos en materia de transportes e estradas á Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional primeira. *Regulación da construción, mantemento e control de buques abandeados en España.*

A construción, o equipamento e o mantemento do casco, máquinas, instalacións eléctricas e de control dos buques abandeados en España realizaranse de acordo coas regras e procedementos fixados por unha organización recoñecida, que dispoña de normas completas e actualizadas para o deseño, a construción, o equipamento, o mantemento e o control periódico de buques.

O Ministerio de Fomento cooperará coas organizacións recoñecidas no desenvolvemento das regras e procedementos das organizacións recoñecidas que autorice. Así mesmo, celebrará consultas con estas organizacións de maneira que se logre unha interpretación concordante dos convenios internacionais.

Excepcionalmente, por orde do ministro de Fomento, poderá autorizarse a aplicación de normas e parámetros equivalentes aos previstos no parágrafo primeiro deste precepto, sempre que estes non fosen rexeitados ou considerados non equivalentes por outro Estado membro da Unión Europea ou pola Comisión Europea. A autorización outorgada deberá comunicarse á Comisión Europea e aos demais Estados membros

Disposición adicional segunda. *Remuneración de servizos prestados por organizacións autorizadas.*

Os servizos prestados polas organizacións autorizadas serán remunerados exclusivamente polos estaleiros, os navieiros ou as empresas navieiras destinatarios destes.

Disposición adicional terceira. *Igualdade de trato nas inspeccións que realice a Dirección Xeral da Mariña Mercante.*

Sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 3 do Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois, cando a Dirección Xeral da Mariña Mercante realice inspeccións, en calidade de autoridade de Estado portuario, informará a Comisión e os demais Estados membros. Así mesmo informará o Estado do pavillón de que se trate da expedición de certificados válidos por organizacións que actúen en nome do dito Estado a buques que non cumpran os requisitos pertinentes nos convenios internacionais, ou ben de calquera incumprimento por parte dun buque

provisto dun certificado de clasificación válido e que afecte elementos cubertos polo dito certificado, todo isto sempre que os incumprimentos representen unha ameaza grave para a seguridade marítima e o ambiente mariño ou que ofrezan indicios dun comportamento especialmente negligente por parte das organizacións.

Así mesmo, será notificada do asunto a organización recoñecida de que se trate no momento da inspección inicial, para que poida adoptar inmediatamente as medidas oportunas.

Disposición adicional cuarta. *Transferencias de clase.*

En caso de transferencia de clase dunha organización recoñecida a outra, a organización cedente cumprirá co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 391/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.

Disposición adicional quinta. *Funcións de inspección e control.*

As referencias que nas disposicións adicionais primeira e cuarta do Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, se realizan ao Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, entenderanse feitas ao presente real decreto.

Disposición transitoria única. *Prazo de adecuación á normativa.*

As organizacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto non perderán a súa autorización, pero deberán cumprir as novas prescricións establecidas neste real decreto antes de que transcorran dous anos desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, así como todas as disposicións de igual ou de inferior rango en canto se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/15/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Competencias de execución.*

Facúltase o director xeral da Mariña Mercante para ditar as resolucións que poidan resultar necesarias para a execución e cumprimento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO

Elementos que debe incluír a resolución autorizatoria

Toda resolución autorizatoria ditada de acordo co artigo 9 deste real decreto deberá incluír, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Aplicación.
2. Finalidade.
3. Condicións xerais.
4. Desempeño das funcións obxecto da autorización:
 - a) Funcións acordes coa autorización xeral.
 - b) Funcións acordes coa autorización especial (adicional).
 - c) Relación entre as actividades regulamentarias e outras actividades afíns da organización.
 - d) Funcións para cooperar cos Estados reitores de porto a fin de facilitar a rectificación de deficiencias notificadas en relación coa supervisión polo Estado reitor do porto ou as discrepancias dentro do ámbito de competencia da organización.
5. Base xurídica das funcións obxecto da autorización:
 - a) Instrumentos legislativos, regulamentos e disposicións complementarias.
 - b) Interpretacións.
 - c) Casos especiais e solucións equivalentes.
6. Notificación á Administración:
 - a) Procedementos de notificación no caso de autorización xeral.
 - b) Procedementos de notificación no caso de autorización especial.
 - c) Notificación sobre a clasificación do buque (asignación de clase, alteracións e anulacións), segundo proceda.
 - d) Notificación de casos nos cales o buque non estea totalmente en condicións de facerse ao mar sen pór en perigo o propio buque ou as persoas que se encontren a bordo ou que presente ameaza irrazoable de danos para o ambiente.
 - e) Outras notificacións.
7. Elaboración de regras e/ou regulamentos-información:
 - a) Cooperación polo que respecta á elaboración de regras e/ou regulamentos-reunións de coordinación.
 - b) Intercambio de regras e/ou regulamentos e información.
 - c) Idioma e formato.
8. Outras condicións:
 - a) Remuneración.
 - b) Regras relativas aos procedementos administrativos.
 - c) Confidencialidade.
 - d) Responsabilidade.
 - e) Responsabilidade financeira.

- f) Entrada en vigor.
- g) Terminación.
- h) Incumplimento do acordo.
- i) Solución de controversias.
- j) Emprego de subcontratistas.
- k) Publicación do acordo.
- l) Emendas.
- 9. Especificación da autorización concedida á organización pola Administración:
 - a) Tipo e tamaño do buque.
 - b) Convenios e outros instrumentos, incluída a lexislación nacional pertinente.
 - c) Aprobación de planos.
 - d) Aprobación do material e do equipamento.
 - e) Recoñecementos.
 - f) Expedición de certificados.
 - g) Medidas correctivas.
 - h) Retiro de certificados.
 - i) Notificación.
- 10. Supervisión por parte da Administración das funcións delegadas á organización:
 - a) Documentación do sistema de garantía de calidade.
 - b) Acceso ás instrucións, circulares e directrices internas.
 - c) Acceso á documentación da organización sobre a frota da Administración.
 - d) Cooperación coa inspección e labor de verificación da Administración.
 - e) Provisión de información e estatísticas sobre, por exemplo, os danos e sinistros da frota da Administración.